

# VIEIROS

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

NARRATIVA GALEGA

## A última colleita

colleita literaria do que levamos de 2006 conta xa con varias obras que moi ben poderían acompañar o lecer de lectores e lectoras neste verán e que non quero deixar de recomendar. Un artigo de **Armando Requeixo**.

- 17:58 31/08/2006

No eido da narrativa, e obviando os títulos de Suso de Toro e Manuel Rivas que han ser tratados neste mesmo número noutro lugar, préstame chamar a atención sobre cinco novelas recentes: *Blúmsdei* de Cid Cabido, *Historia dun paraugas azul* de Xosé Miranda, *Esta historia* de Xosé Monteagudo, *Se buscabas un deus* de Xabier Quiroga e *Licor de abelá con xeo* de Xurxo Sierra Veloso. Catro propostas moi diferentes, mais todas elas aprovisionadas de engados estilísticos e temáticos que, de seguro, han contentar a quen con elas se atreva.

O particular *Blúmsdei* de Cid Cabido é un buraco negro antinovelístico no que se xoga a dinamitar a lóxica argumental e derrubar calquera ilusión de convencionalismo caracteriolóxico ou doutro xorne. Páxinas argalladas nunha escrita semiautomática, compulsiva, que reflexionan decontino sobre o propio proceso autorial, ironizando verbo das estruturas e solucións esperables no avanzar do texto, demolendo sarcasticamente os paradigmas herdados, os lugares comúns, cuestionando, en fin, o sentido (último) do que no papel se deixa verbalizado.

A prosa aventureira e transreal de Xosé Miranda alimenta os fluídos que corren pola súa *Historia dun paraugas azul*, un texto que no seu día (1991) gañara o Premio García Barros e que agora volve ver luz cun atraente engadido, os catro epílogos que foran eliminados daquela versión primeira e que nesta nova publicación completan os mundos transfraguenses de Lino Carrán ◆ personaxe tan querido do autor- e Fión Nabarquela, epicentros protagónicos desta novela coral, crónica dun mundo mitizante e parabólico.

Mais que unha novela de personaxes, que tamén, *Esta historia* de Xosé Monteagudo é un retrato epocal dunha Compostela universitaria dos oitenta na que comparecen as febras dunha mocidade un tanto desnortada, resacosa dunha Postransición tras da que se impón resituarse e reinventarse social e individualmente e na que as vivencias en flash-back dos protagonistas son un exemplo sinecdótico dun tempo que foi e, en certa maneira, segue a ser, por iso *Esta historia* continúa a dicirnos cousas.

Tras algunha tentativa máis breve, Xabier Quiroga volve á novela longa con *Se buscabas un deus*, creación pluscomplementaria da súa moi soada *Atuado na braña*, que atopa nesta nova entrega non unha simple

continuación e si un texto dialóxico no que se ollar para reflexionar sobre as incógnitas e perigos dun futuro inzado de trampas ao que parece que estamos abocados e do que só as forzas primixenias, amor e liberdade sempre, poderán rescatarnos.

A de Xurxo Sierra Veloso en *Licor de abelá con xeo*-finalista do Premio Lueiro Rey de Novela Curta- é unha narrativa na que o irónico e o metaliterario empastan con fortuna, creando un entretecido de personaxes e situacións que, beireando o vodevil paródico, acaban por subxugar coa súa prosa transparente e coidada, depurada de apósitos innecesarios e excursos gratuítos, densificando nunha trama a varios fíos que ao final crean corpo nun remate tan inesperado como revelador.

**O artigo completo, na edición impresa de TEMPOS Novos (agosto 2006, nº 111)**